

Sra. Conselleira de Sanidade
Edificio Administrativo San Lázaro
157001 – Santiago de Compostela (A Coruña)

Expediente: I.4.Q/29026/17

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2016

Sr. Conselleiro:

Nesta institución iniciase este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da publicación do Decreto 38/2017, de 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fora do ámbito sanitario, e se crea o seu rexistro.

Con esta normativa, fíxanse as condicións e requisitos para a instalación, uso e mantemento, fora do ámbito sanitario, de desfibriladores externos automáticos y semiautomáticos; determínanse os lugares nos que é recomendable dispor de ditos desfibriladores, o réxime de notificación da súa instalación e a súa correcta sinalización; e establécense os requisitos mínimos relativos á formación dos manipuladores. Créase tamén o Rexistro de Desfibriladores Externos de Galicia.

Dende esta Institución, resulta interesante coñecer a aplicación práctica desta nova regulación e o seguimento actual que se está realizando sobre a colocación destes aparellos nos espazos públicos non sanitarios dende a súa entrada en vigor, a evolución do Rexistro, e as accións realizadas para valorar a implantación das medidas que recolle o Decreto 38/2017 citado.

Por todo o anterior, solicitamos desa Consellería que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as valoracións realizadas trala aprobación da normativa referenciada.

Agradézolle por anticipado a remisión do preceptivo informe e saúdaa atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Expediente: I.4.Q/29026/17

DILIXENCIA:

Para facer constar que se procede ao arquivo do presente expediente de queixa iniciado de oficio con motivo da publicación do Decreto 38/2017, de 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fora do ámbito sanitario, e se crea o seu rexistro..

Con data de 12 de decembro de 2017, recibimos un informe completo da Consellería de Sanidade sobre a aplicación da nova regulación da instalación e uso de desfibriladores externos e o seguimento que se está realizando sobre a colocación destes aparellos nos espazos públicos non sanitarios dende a entrada en vigor do Decreto, a evolución do rexistro, e as accións realizadas para valorar a implantación das medidas que recolle o Decreto 38/2017, do 23 de marzo:

l) A norma referenciada regula basicamente dous aspectos relacionados cos desfibriladores no ámbito non sanitario, o primeiro, son as condicións da instalación dos aparatos e a documentación da súa existencia e o segundo, a acreditación da formación da persoa que vaia utilizar o mesmo.

En canto ao primeiro punto a norma limitase a realizar un impulso da medida, pero non a establece como obrigatoria. Ademais a norma impulsa a consideración como mellora da dotación en infraestruturas públicas de nova reforma ou construción.

No relativo ao segundo punto, a acreditación de formación debe realizarse mediante a certificación do Consello Español de Resucitación Cardiopulmonar, si ben de forma excepcional a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 pode outorgar o permiso de funcionamento a unha persoa que non conte coa formación acreditada.

Por outra parte indicar que o Servizo Galego de Saúde está a impulsar un proxecto denominado "Acude e Axuda" de voluntariado mediante a notificación de eventos nas vías públicas e colaboración dos voluntarios na asistencia a estes pacientes que inclúe a localización e uso dos desfibriladores por persoas acreditadas para o seu uso. O proxecto que xa está en funcionamento en Santiago de Compostela e en fase de extensión ao resto da comunidade está sendo coordinado pola Fundación de Urgencias Sanitarias de Galicia 061.

II) En relación co Rexistro de Reanimación Cardiopulmonar, indicar que desde a entrada en vigor do decreto ata o 24/11/2017 presentáronse 68 solicitudes de inscrición no mesmo.

Pola titularidade das entidades hai 40 entidades públicas, 26 privadas e 2 sen ánimo de lucro.

Por lugar da instalación, destacan as instalacións deportivas con 24 aparatos, así como, as dependencias do sector público autonómico con 14 e os centros educativos con 8.

Á vista da información anterior, consideramos axeitadas as medidas adoptadas pola consellería, facilitando unha información completa e detallada sobre as mesmas, e en consecuencia, procedemos á conclusión deste expediente de queixa.

É para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela a 15 de decembro de 2017.

A Asesora
Nuria Palmero Sande